



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CULLEREDO

##### Persoal e Organización

*Lista provisional dos/das admitidos/as e excluídos/as do proceso selectivo de consolidación e estabilización de emprego temporal dunha praza de profesor/a de percusión (I-a)*

##### ANUNCIO

Lista provisional dos/das admitidos/as e excluídos/as do proceso selectivo de consolidación e estabilización de emprego temporal dunha praza de profesor/a de percusión (I-a).

Por resolución núm. 2255 da concelleira delegada de Cohesión social, recursos humanos e réxime interior do 21 de novembro de 2023, resolveuse o seguinte:

Aprobar a lista provisional dos/das admitidos/as e excluídos/as do proceso selectivo de consolidación e estabilización de emprego temporal dunha praza de profesor/a de percusión (I-a).

##### ADMITIDOS/AS:

ADMITIDOS		
Nº ORDE	APELIDOS E NOME	DNI
1	Diego Calviño, María Isabel	***5664**
2	Paz Vila Miguel	***1755**

##### EXCLUIDOS/AS:

EXCLUIDO			
Nº ORDE	APELIDOS E NOME	DNI	MOTIVO DA EXCLUSIÓN
1	Rodríguez Outeda, Juan Antonio	***1979**	Ningunha das dúas titulacións aportadas para participar no proceso reúnen os requisitos esixidos nas bases específicas.*

\*Segundo a cláusula 4 das bases específicas da convocatoria:

Requisitos de titulación:

- Título superior de música establecido no artigo 54 da Leiorgánica 2/2006 do 3 de maio de educación ou equivalente, na especialidade correspondente.

- Título de doctor, Licenciado, Enxeñeiro, Arquitecto ou título de Grao correspondente ou outros títulos equivalentes a efectos de docencia, determinados no anexo VII do Real Decreto 276/2007 de 23 de febrero, para cada especialidade.

Os/as aspirantes non admitidos/as disporán dun prazo de 10 días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación da resolución da lista provisional de admitidos/as e excluídos/as no Boletín Oficial da Provincia, co fin de emendar o defecto que motivara a súa non admisión, de ser o caso.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses.

Culleredo, 23 de novembro de 2023

A concelleira delegada de Cohesión Social,  
Recursos Humanos e Réxime Interior

Marta María Figueroa Fuentes

P.D. Resolución núm.1260/2023, do 04.07.2023

(BOP núm. 131, do 11.07.2023)

2023/9299